EXERCICIOS DE APOIO: 9ª QUINCENA

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

1.- Expón o tema e as partes de *Na noite estrelecida.* Que grande influencia ideolóxica reflicte este poema?

2.- Comenta brevemente a obra dramática de Cabanillas. Con que movemento se relacionaba?

3.- Caracteriza en dez liñas a novela da xeración Nós e cita as máis importantes desta xeración.

4.- Explica por que se considera *Arredor de si* unha especie de autobiografía espiritual non só de Otero, senón de toda a xeración Nós.

5.- Explica a achega de Risco ao teatro galego.

6.- Relaciona á viaxe de Castelao en 1921 a París co proceso de creación de *Os vellos non deben de namorarse*.

7.- Caracteriza os tres vellos de *Os vellos non deben de namorarse*. Son tan ridículos como parecen? Relaciona o seu epílogo con outra obra de Castelao que tamén transcorra nun cemiterio.

8.- Lembra o que estudaches e relaciona os contos de Dieste cos relatos breves de Castelao. Podes comparar *Estreliña* coa *Marquesiña?*

9.- Define tres escolas de vangarda.

10.- Fala da achega de Álvaro Cunqueiro á poesía de vangarda. Comenta en cinco liñas *Herba aquí e acolá*. Que opinan moitos críticos desta obra?

SOLUCIÓN:

1.

Ao lado da reprodución da lingua popular, do enxebrismo, temos que salientar o seu esforzo por crear unha linguaxe poética culta de latinismos, helenismos, adxectivación

sensorial e variada na liña modernista, etc., para producir unha sensación de nobreza e colorido, especialmente en *Na noite estrelecida*. É así un dos grandes continuadores da chamada escola formalista iniciada por Pondal.

2.

Co labor de dignificación do galego e de concienciación dos galegos das Irmandades. *A man da Santiña* transcorre nun ambiente de pazo e clase media alta. *O Mariscal* recrea a figura de Pardo de Cela como heroe da autonomía galega.

3.

Debe sinalarse que é unha novela urbana, superadora do ruralismo e costumismo, unha novela-ensaio ou ideolóxica, os narradores e protagonistas adoitan ser *alter ego* do autor. Poden citarse e comentarse *Arredor de si, O porco de pé* e *Os camiños da vida*.

4.

Porque describe o proceso polo que Adrián, o protagonista, descobre a galeguidade e se compromete con ela despois de pasar polo modernismo, as escolas filosóficas e literarias europeas, as culturas afastadas, etc. Ese traxecto tamén o fixeron Risco, Otero, Cuevillas...

5.

A grande achega de Risco ao teatro é *O bufón d'El Rei*, que sitúa a acción nunha indefinida corte medieval, cunha lingua elaborada e levemente arcaizante e na que é fundamental o simbolismo: fealdade do bufón en oposición á súa intelixencia, loita ben-mal, exaltación dos valores cabaleirescos medievais, diálogos enxeñosos ao xeito do teatro de Óscar Wilde, etc.

6.

Castelao, como conta no seu diario de 1921, asistiu en París a espectáculos teatrais e impresionárono especialmente os espectáculos de danzas e teatro popular ruso. De aí saíu posiblemente a idea de construír unha obra na que aparecese a tradición, o baile, o colorido, os elementos parateatrais populares de festas coma o Entroido, de xeito que se conxugasen na obra a cor, a música e o baile.

7.

No remate toman unha dimensión tráxica, pola súa anagnórise ou recoñecemento de culpa: namóranse de vellos por non saberen gozar da súa xuventude por diversas razóns. Esa foi a causa da súa desgraza. O remate dos vellos, o diálogo xa mortos dos vellos no cemiterio, podemos relaciónalo co relato curto *Un ollo de vidro, memorias dun esquelete*, que tamén transcorre nun cemiterio e presenta basicamente os diálogos de varios defuntos.

8.

Podemos considerar a Dieste un continuador de Castelao polo emprego nos contos do marabilloso, do lirismo, o aproveitamento de motivos populares para dar o salto cara ao culto, o uso de técnicas e temas propios da narración oral popular e, especialmente, polo emprego dunha lingua culta, que, sen embargo, non perde o seu celme coloquial, pois está enraizada na lingua popular.

9.

Futurismo, que canta a beleza da civilización urbana e dos novos obxectos da civilización industrial. O *Surrealismo*, que de acordo coas teorías de Freud, presenta o mundo do subconsciente, dos soños e dos pesadelos, e utiliza a chamada técnica da *escritura automática*. O *creacionismo*, que tenta crear un mundo novo de fantasía a partir de imaxes e metáforas moi arriscadas.

10.

Álvaro Cunqueiro contribúe ao neotrobadorismo con *Cantiga nova que se chama riveira* (1933). A súa achega ao surrealismo está marcada por *Poemas do si e non* (1933). Caracterízase polo cultismo e sobre todo polo seu ton elexíaco e aceptación da morte como metamorfose na natureza. Sinálase que é un dos libros poéticos máis importantes do século XX.